



Autorización de residencia temporal por arraigamento da formación para persoas estranxeiras.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, recolle no seu artigo 39 que:

“As ofertas de formación profesional darán opción á autorización de residencia temporal dun ano por arraigamento da formación, contemplada no Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Os cidadáns de países non pertencentes á Unión Europea que acrediten ser titulares da devandita autorización de residencia por arraigamento para a formación, poderán obter autorización para a matriculación e realización dunha formación dos graos do Sistema de Formación Profesional previstos no parágrafo anterior.”

A referida é unha **autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais** que se poderá conceder a cidadáns estranxeiros que se achen en España e permanecesen de forma continuada durante dous anos, permitindo a obtención dunha autorización para a realización dunha formación, supeditando a obtención da autorización de residencia e traballo á superación desta e a presentación dun contrato de traballo.

Ven **regulada** por:

- Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social (art. 31.3)
- Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado por Real Decreto 557/2011, do 20 de abril (artigos 123, 124.4, 128).

E esixe o cumprimento dos seguintes **requisitos**:

- Non ser cidadán dun Estado da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suíza, ou familiar de cidadáns destes países aos que lles sexa de aplicación o réxime de cidadán da Unión.
- Carecer de antecedentes penais en España e no seu país de orixe ou no país ou países en que residise durante o últimos cinco anos.
- Non ter prohibida a entrada en España e non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio en tal sentido.
- Non atoparse, no seu caso, dentro do prazo de compromiso de non retorno a España que o estranxeiro asumise ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.
- Permanecer con carácter continuado en España durante un período mínimo de dous anos previos á solicitude da autorización. Enténdese permanencia continuada se as ausencias non superaron os 90 días nos dous últimos anos.
- Comprometerse a realizar unha formación:
 - regrada para o emprego ou a obter un certificado de profesionalidade, ou unha formación conducente á obtención da certificación de aptitude técnica ou habilitación profesional necesaria para o exercicio dunha ocupación específica ou unha promovida polos Servizos Públicos de Emprego e orientada ao desempeño de ocupacións incluídas no Catálogo de ocupacións de difícil cobertura ao que se refire o artigo 65.1.
 - ou ben, no ámbito da formación permanente das universidades, comprometerse á realización de cursos de ampliación ou actualización de



competencias e habilidades formativas ou profesionais, así como doutros ensinos propios de formación permanente.

- Para estes efectos, a matriculación deberá realizarse nun prazo de tres meses desde a notificación da resolución de concesión da autorización de residencia.
- Que se abonou a taxa correspondente pola tramitación do procedemento.

Respecto do **procedemento administrativo** compre salientar que:

Estará lexitimado para presentar a solicitude o estranxeiro persoalmente, ou o seu representante legal no suposto de ser menor ou incapaz.

O lugar de presentación será a Oficina de Estranxeiría da provincia na que o estranxeiro teña fixado o domicilio, ou ben poderá tramitarse electronicamente, a través da sede electrónica do Ministerio de Política Territorial.

A taxa de residencia temporal por circunstancias excepcionais, devindicarase no momento de admisión a trámite da solicitude, e deberá abonarse no prazo de dez días hábiles.

O solicitante, nun prazo de 3 meses desde a notificación da resolución de concesión da autorización deberá achegar **acreditación da matriculación**. Nos casos que a matriculación estea supeditada a períodos concretos de matriculación, deberá remitir á Oficina de Estranxeiría proba da matrícula nun período máximo de 3 meses desde a finalización do devandito prazo.

A matriculación nas ensinanzas correspondentes deberá ser acreditada ante o Ministerio de Política Territorial, no prazo de 3 meses desde a notificación da resolución de concesión da autorización de residencia. No caso de non acreditar dita matriculación no prazo indicado, a Oficina de Estranxeiría poderá extinguir dita autorización.

A autorización concedida **poderá ser prorrogada** unha única vez por outro período de 12 meses nos casos que a formación teña unha duración superior a 12 meses ou a súa duración exceda a vixencia da primeira autorización concedida.

Unha vez superada a formación, e durante a vixencia da autorización de residencia, o interesado poderá presentar solicitude de **autorización de residencia e traballo**.